

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal

**Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Virxinia Pereira Renda do
26/02/1955**

Colección:

Data: 26/02/1955

De:

Valentín Paz-Andrade;

Para:

Virxinia Pereira Renda;

Orixe:

Bogotá (de distrito capital), Colombia (nacional), América (continental)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Arquivo Valentín Paz-Andrade

Temáticas:

Pranto matricial; Epistolario entre Paz Andrade e Virxinia Pereira;

Mencionados:

Clemencia Elisa Pereira Renda; Rodolfo Prada;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Virxinia Pereira Renda do 26/02/1955

Bogotá, 26 febreiro de 1955.
Sra. D^a VIRGINIA PEREIRA, Viuda de Castelao.
Buenos Aires.

Ben lembrada Virginia:

Recibín en Vigo a súa derradeira carta, dous días denantes d-emprender o viaxe a esta terra, empalmando c-unha seman preparatoria en Roma. Debo seguir eiquí até fins de maio, desempeñando unha misión de asesoramento cerca do Goberno, que me foi confiada pol-as N.U. Non houbo tempo, pol-o tanto, pra tomar providencia algunha, sobre do diñeiro depositado no Banco de España de Pontevedra. Como xa lle espriquéi algún día, aos fondos retidos pol-o Instituto Español de Moneda Extranjera, e non se poden mover sen autorización previa. Eu non pedín senon a referente as cantidades retiradas pra Clemencia e Sara e pro pago da sepultura do neno.

Imaxino que, aínda non sendo cantidade grande, non concederán autorización pra retiral-a toda. Salvo que se xustificara a súa inversión en España, na compra d-algun ben o una construción d-unha obra. De todol-os xeitos, como dende eiquí non é doado que eu faga ren no asunto, para cando volva a Terra pode dispoñer o que coide mellor, y-eu tentarei facel-o.

Aínda non recibín o "Pranto Matricial" imprentado. Formalmente nin siquiera séi se foi editado. Teño vivo anxeio de ollar o libreto, se ao fin o fixeron.

Como de outubro a decembro estiven no México, e despois apenas sete semans en Vigo, nada sei de Clemencia e Sara. Coido que estarán ben.

Pilar é facil que veña a Bogotá pra retornar conmigo.

Se van por xunto de Vde. Sabela e Xosé, moitas apertas. O mesmo a familia Prada, e dígalle a Rodolfo que se ven pol-o Norte non se esqueza de que estáo eiquí, un pouco asombrado pol-as neboas que envolven os cerros de Montserrate e Guadalupe. E tamén pol-a choiva, que non se parece a nosa...

Co máis cordial agarimo para Vde. de
Valentín Paz-Andrade

Residencias Deauville.
Calle 18, 14-36.
Ou apartado aereo 38-68
United Nations.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.